

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003224	IES Fernando Blanco	Cee	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

1. Introducción

A materia de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As competencias poden entenderse como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes, nas que os coñecementos se compoñen de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha temática concreta. As capacidades enténdense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados. As actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións.

Nese sentido, as competencias son aquelas que as persoas precisan para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas en distintos ámbitos da vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo, e inserirse e participar activamente na sociedade na que vivirán e no coidado da contorna natural e do planeta. Estas competencias desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal, a non formal e a informal en todos os contextos, incluídos a familia, o centro educativo, o lugar de traballo, a contorna e outras comunidades.

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutra. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

Deste xeito, a materia de Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes.

A través da realización de proxectos significativos nesta materia e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

A materia Proxecto Competencial impártese no IES Fernando Blanco a un grupo de 3º ESO composto por vinte e dous alumnos e alumnas. Neste grupo temos algún caso de TEA, TDAH e tamén alumnado con altas capacidades.

O IES Fernando Blanco está ubicado no centro urbano do pobo de Cee, no concello do mesmo nome, na comarca de Fisterra na zona coñecida como Costa da Morte. O concello de Cee limita con Corcubión, Fisterra, Dumbría e Muxía aos que tamén presta servizos, podendo considerarse polo tanto a capital da comarca debido ao seu desenvolvemento industrial, educativo, sanitario e comercial. Trátase dun contorno de marcado carácter rural onde a actividade produtiva máis significativa está baseada no sector primario e terciario e a lingua empregada é maioritariamente o galego, salvo nos centros urbanos destes concellos nos que empeza a predominar o uso do castelán.

O IES Fernando Blanco é un dos dous institutos de educación secundaria situados no pobo de Cee onde se imparten varias modalidades educativas, ESO, Bacharelato, Formación Profesional Básica, Ciclos formativos medios e superiores de varias familias, ESA e o programa CUALE, albergando tamén o noso centro, a sección da EOI de Cee. A oferta educativa do pobo complétase co IES Agra de Raíces, CEIP Eugenio López e co centro concertado Manuela Rial Mouzo.

A este centro acode alumnado de toda a comarca: Cee, Corcubión, Fisterra, Muxía, Carnota, Camariñas, Mazaricos, Vimianzo... sendo o alumnado da ESO principalmente de Corcubión e Cee. O IES Fernando Blanco é o máis antigo da comarca e conta cun grande valor histórico tanto a nivel do propio edificio coma da labor desenvolvida ao longo dos anos. Naceu como resultado da vontade de Don Fernando Blanco de Lema expresada no seu testamento a finais do século XIX e dende aquela vén prestando servizos educativos na comarca. O seu edificio e xardín debe ser un ben moi apreciado polo profesorado, alumnado e familias para así garantir a súa continuidade como tal.

O centro está equipado con EDI, ordenador e internet en tódalas aulas, dispoñendo ademais de dúas aulas de informática á disposición das materias, baixo petición e unha ampla e fermosa biblioteca con numerosos fondos antigos e actuais.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A axenda 2030. Traballando os ODS dunha forma local.	Presentación da temática anual do centro e concreción co alumnado.	1	2	X		
2	1º PROXECTO: OS BANCOS DE ALIMENTOS: Vinculación cos ODS 1, 2 10 e 12 2º PROXECTO: O MUNDO QUE QUEREMOS.	Charla dun representante de Cruz Vermella ou Cáritas como actividade inicial e reflexión para realizar unha campaña de divulgación e recollida no centro en colaboración. Mural fotográfico: Imaxes que representen algún ODS elixido polo alumnado.	33	11	X		
3	1º PROXECTO: A VIDA NUN CLICK Vinculación cos ODS 3,4 e 10 2º PROXECTO: VIVA MIÑA AVOA! Vinculación co ODS 5	A elaboración da historia de vida de cada persoa con Alzheimer ou outra demencia neurodexenerativa mediante o uso de TICs Preparación de obradoiro de concienciación para o alumnado do centro de cara á	33	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	1ºPROXECTO: A VIDA NUN CLICK Vinculación cos ODS 3,4 e 10 2ºPROXECTO: VIVA MIÑA AVOA! Vinculación co ODS 5	conmemoración do 8 de marzo. Podcasts e entrevistas as avoas do alumnado	33	11		X	
4	1ºPROXECTO: LOITAMOS CONTRA A DESINFORMACIÓN. Vinculación cos ODS 4 e 16 2ºPROXECTO: MEMORIA FINAL	Partindo do dereito de todas ás persoas ao acceso á información, investigaremos sobre as fakes news, como se propagan, como combatilas. Exposición oral. pilulas informativas en formato vídeo, podcasts, charlas, escenificacións, etc. Intelixencia artificial, ChatGPT. Redacción dunha memoria final sobre todo o que se traballou ó longo do curso.	33	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A axenda 2030. Traballando os ODS dunha forma local.	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realiza unha secuenciación para o proxecto.	PE	20
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia da temática xeneral e a implicación que ten traballar dunha forma local para conseguir resultados globais.	TI	80
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identifica que recursos e materiais necesita para a realización do proxecto		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Selecciona e analiza a información que precisa, respectando a autoría citando as fontes.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prevé as incidencias que podan xurdir durante a realización do mesmo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	1º PROXECTO: OS BANCOS DE ALIMENTOS: Vinculación cos ODS 1, 2 10 e 12 2º PROXECTO: O MUNDO QUE QUEREMOS.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identifica, selecciona e analiza a información que precisa.	PE	20
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto mediante autoavaliación.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe adecuada.		
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia dos bancos de alimentos.	TI	80
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identifica os recursos e materias necesarios para realizar a campaña,		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	1ºPROXECTO: A VIDA NUN CLICK Vinculación cos ODS 3,4 e 10 2ºPROXECTO: VIVA MIÑA AVOA! Vinculación co ODS 5	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Selecciona a información precisa.	PE	40
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prevé as incidencias.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos e competencias necesarias.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega os recursos previstos.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora os resultados obtidos.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe adecuada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia das competencias adquiridas co proxecto.	TI	60
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identifica qué necesita para realizar o proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Organiza o seu traballo ou o traballo do seu equipo.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa as actuacións e segue unha temporalización.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Vai resolvendo as incidencias que podan xurdir.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta o proxecto		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal para enxalzar o seu discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas e controla as negativas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega os recursos variados como apoio á presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
4	1ºPROXECTO: LOITAMOS CONTRA A DESINFORMACIÓN. Vinculación cos ODS 4 e 16 2ºPROXECTO: MEMORIA FINAL	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identifica, selecciona e analiza a información que precisa.	PE	60
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Organiza a secuencia de traballo.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos adecuados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega os recursos previstos para desenvolver o proxecto.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora o seu traballo ou o traballo do seu equipo.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta os produtos finais.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Comunica con corrección e claridade.		
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia das competencias adquiridas co proxecto	TI	40
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identifica recursos e materiais necesarios para realizar o proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prevé as incidencias que podan xurdir na elaboración do proxecto.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa as actuacións asociadas a secuencia e temporalización prevista.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurridas durante a execución das actuacións.	Resolve e comunica as posibles incidencias.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega o linguaxe corporal para enxalzar o seu discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición e controla as negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partiremos da realidade máis próxima ao alumnado de cara á implicarlle nos distintos microproxectos do curso. Ao existir dous grupos de PC que coinciden na hora de clase, algunhas das sesións realizaranse de forma conxunta na biblioteca. Fomentárase o traballo en grupos heteroxéneos e mixtos no que se realizarán proxectos que podan ter certa repercusión no instituto.

Entre as prácticas metodolóxicas usaranse:

- Rutinas de traballo cooperativo
- Charlas
- Exposicións orais
- Traballo coas TICS(procura e reelaboración de información, creación de cartaces, material audiovisual, xogos...)
- Rúbricas de coavaliación para guiar ao alumnado no seu traballo e poida completar se é necesario de forma colaborativa.
- Debates a partir dun vídeo, unha noticia, un texto informativo...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Espazos: Aula do grupo e biblioteca escolar
Netbooks do alumnado con acceso ao aula virtual Edixgal
Materiais entregados polo profesorado.
Persoas relevantes da comunidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseadao en aspectos actitudinais (traballo cooperativo). O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso (Outubro) e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

Ao comezo da cada trimestre, realizarase un brainstorming para avaliar o seu coñecemento e disposición cara ao tema do proxecto que imos traballar ao longo do mesmo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	1	33	33	33	100
Proba escrita	20	20	40	60	40
Táboa de indicadores	80	80	60	40	60

Criterios de cualificación:

Consideráranse todas as producións- orais e escritas- do alumnado, tanto no seu labor individual como en equipo. Tamén realizarase actividades de coevaluación e autoavaliación entre eles.

Proxectos trimestrais: esquemas para organizar o traballo, procura de información no caderno, realización de posters dixitais, guións, entrevistas, artigos, presentacións: 50%

Traballo diario en clase(actividade individual, por parellas ou en grupo) comportamento e actitude cara á realización e consecución dos obxectivos no proxecto: 50%

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superou a primeira ou segunda avaliación, de cara á avaliación final plantearase unha exposición oral dun tema relacionado coa Axenda 2030 de súa elección (ODS). Avaliarase no mesmo o nivel de oralidade (mediante rúbrica), a calidade e pertinencia do mesmo, apoio visual e referencia as fontes empregadas. Considerarase recuperada a parte correspondente unha vez que se produza a entrega do traballo requerido e a súa defensa cunha nota igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para o alumnado coa materia pendente plantearase unha exposición oral dun tema relacionado coa Axenda 2030 de súa elección (ODS). Avaliarase no mesmo o nivel de oralidade (mediante rúbrica), a calidade e pertinencia do mesmo, apoio visual e referencia as fontes empregadas. Considerarase recuperada a materia unha vez que se produza a entrega do traballo requerido e a súa exposición cunha nota igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral y escrita	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Creemos que o tema elixido este ano para traballar de forma interdisciplinar no que se valoran como aplicar os ODS no entorno máis cercano constitúe unha boa forma de abreguer gran parte dos elementos transversais propostos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla sobre o banco de alimentos no centro	Actividade motivadora cara ao proxecto, o alumnado recibirá unha charla dun representante que traballa en campañas de recollida para persoas vulnerables.	X		
Organización de campaña de recollida de produtos.	Resultado final do traballo realizado ao longo da avaliación.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Encontro con traballadores e usuarios Asociación Pro Enfermos Mentais APEM (C. R.P.L. Cee). Charla con motivo do día da muller	En relación coa saúde mental e o 8 de marzo		X	
Impartición dun obradoiro sobre intelixencia artificial-seguridade na rede	O alumnado investigará sobre un tema que está actualidade (intelixencia artificial e seguridade na rede)			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados